



|                                                                                                               |                             |                                                                                                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Área / Unidad<br>CEMENTERIOS MA2400<br>GBA                                                                    | Documento<br>7411AI048M     | Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/13423/2026<br>14/07/2026 |
| <br>6G28 691E 1N47 4D6Z 0RCF | Expediente<br>741/2026/1833 |                                                                                                                 |
|                                                                                                               | Fecha<br>13-07-2026         |                                                                                                                 |

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI047B de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 10.07.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

**PRIMEIRO:** INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 128, departamento 18, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Fuensanta Rubido Velasco (finada) e Pilar Pérez Rubido, polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 5 de outubro de 2003; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

**SEGUNDO:** OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

**Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes na instalación funeraria para o seu traslado ao osario municipal.**

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.



Eudoxia María Neira Fernández  
Concelleira de Medio Ambiente  
Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)